

Carta aberta a Antón Riveiro Coello

Poio, 24 de xaneiro de 2012

Meu benquerido **Antón**:

Agora que rematei a túa novela **Laura no deserto**, a miña primeira lectura deste ano que comeza, quixera agradecerche os bos momentos que me fixeches vivir con ela, o cal dalgún xeito equivale a dicir que quero darche as grazas por escribila.

(Hei dicir que cando comecei a lectura desta Laura no deserto tiña o listón moi alto logo dos bos momentos que me fixeras pasar coas túas obras anteriores pero desta volta superáchestes, amigo. E moito!)

Grazas, entón, polas brillantes descricións de Barcelona, de Nova York, da Pobra do Caramiñal..., capaces de me facer viaxar dende a butaca de lectura da miña biblioteca (ese meu lugar favorito para o lecer de inverno) cara ás rúas todas onde o que narras transcorría.

Grazas pola abraiante historia de Laura, que un día me anticipaches mentres compartiamos café e conversa antes da presentación do meu Shakespeare destilado no Café Moderno de Pontevedra, onde tiven a honra de contar coa túa presenza. Laura apropiouse de todo o meu tempo ao longo destes días de lectura, de todo, absolutamente todo; tal é a forza do personaxe e a forza do retrato seu co que conseguiches agasallarme.

Grazas por esa trama tan ben elaborada, polos fíos que, de xeito inesperado, me foron conducindo dende a primeira páxina da novela por recunchos narrativos sorprendentes.

Grazas por desvelarme ese mundo tremendamente inxusto (e tamén tremendamente cruel) que viviron os máis dos personaxes da novela, non só a Laura protagonista do título, por certo moi acaído, e grazas por desvelalo dun xeito aparentemente tan sinxelo pero enleado en moitas complexidades. Nada tan grande como todo iso que aparenta sinxeleza pero denota un inxente e moi elaborado traballo.

Grazas, en fin, pola mestría da túa man de bo escritor capaz de engaiolarme como lector dende a primeira liña.

Non canso de recomendar a lectura da túa Laura no deserto a todo o mundo, convencido de que veño de ler unha verdadeira obra de arte, unha desas novelas que ocupan, ou deberían ocupar, un lugar de seu no universo das grandes obras literarias.

Grazas, Antón.

Que a túa Laura no deserto atope nas mans dos lectores a boa viaxe que merece.

Milleiros de apertas:

Xesús Constela.-

